



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL NEGREIRA

Anuncio relativo á aprobación definitiva da taxa pola expedición de documentos administrativos

ANUNCIO

O Pleno da Corporación con data de 12 de xaneiro de 2012, acordou a aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por Expedición de Documentos Administrativos. Publicada con data 31 de xaneiro de 2012 no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo de trinta días hábiles sen que se presentasen reclamacións considerase aprobada definitivamente. Publícase a continuación o texto completo da ordenanza fiscal modificada.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS.

Artigo 1.- En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 ó 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola expedición de documentos administrativos, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, de acordo co previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Lexislativo.

Artigo 2.- Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible desta taxa a actividade administrativa desenvolada con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que se expidan e dos expedientes que entendan os órganos de goberno deste Concello.

2. Enténdese tramitación a instancia de parte calquera documentación administrativa que sexa provocada polo particular ou que redunde no seu beneficio, aínda que non fora solicitado expresamente polo interesado.

3. A tramitación dos documentos e expedientes necesarios para o cumprimento das obrigas fiscais non estarán sometidos a esta taxa, como tampouco as consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos, os recursos administrativos contra as resolucións de calquera clase e os relativos á prestación de servizos ou a realización de actividades de competencia do Concello.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que carentes de personalidade xurídica constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptible de imposición, que soliciten, provoquen ou nos que redunden no seu interese a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

Artigo 4.- Devengo.

Esta taxa devengarase coa presentación da solicitude que inicie a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos á taxa.

No caso a que se refire o artigo 2.2 o devengo producirase cando se inicie a tramitación dos documentos e expedientes por parte do Concello, sen previa solicitude do interesado, pero que redunden no seu beneficio.

Artigo 5.- Cota tributaria.

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa, segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coa tarifa que se contén no artigo seguinte.

A cota da tarifa corresponde á tramitación completa en cada instancia do documento ou expediente de que se trate, dende o seu comezo ata a súa resolución final.

Artigo 6.- Tarifas

As tarifas de esta taxa son as seguintes:

A) DOCUMENTOS EXPEDIDOS POLA POLICÍA MUNICIPAL	
Informes, dilixencias e demais documentos expedidos pola Policía Local	
Con desprazamento	15,00 €
Sen desprazamento	10,00 €
Copia autenticada dos atestados de accidentes de circulación tramitados polos axentes da Policía Local	18,00 €
Certificacións sobre sinais ou situacións de tráfico	
Sen plano	6,00 €
Con plano	9,00 €
B) EMPADROAMENTO DE HABITANTES	
Certificados de empadramento	2,50 €
Certificados ou informes de convivencia e residencia	2,50 €
Outros certificados ou informes	5,00 €
C) CERTIFICACIÓNS E COMPULSAS	
Certificación de documentos ou acordos municipais do ano en curso	2,50 €
Certificación de documentos ou acordos municipais de anos anteriores	5,00 €
Cando a certificación requira traballo de arquivo, as cotas incrementaranse nas seguintes cantidades, sumada á establecida ut supra, de xeito que a contía da taxa actual se incrementará na cantidade que se sinala na fracción de anos en que coincida	
1995-1991	1,20 €
1990-1986	1,80 €
1985-1981	2,40 €
1980-1976	3,00 €
1975-1971	3,60 €
1970-1961	4,20 €
1960-1951	6,00 €
1950-cara atrás	9,00 €
Bastanteo de poderes	10,00 €
Polo bastanteo de poderes que surtan efectos nas Oficinas Municipais	30,00 €
Dilixencia de compulsa ou cotexo de documentos	
Pola primeira dilixencia	1,00 €
Polas seguintes	0,30 €
No caso de entidades sen ánimo de lucro inscritas no Rexistro de Asociacións do Concello	0,10 €
Exemplar de ordenanzas fiscais	10,00 €
Por cada documentos que se expida en fotocopia, a petición dos particulares	
Por cada folio en formato A4, branco e negro, por unidade	0,05 €
Por cada folio en formato A4, a cor, por unidade	0,20 €
Por cada folio en formato A3, branco e negro, por unidade	0,10 €
Por cada folio en formato A3, a cor, por unidade	0,25 €
Por expedición de certificacións e informes en expedientes de traspaso, cambio de titularidade ou semellantes	
Con informe técnico:	75,00 €
Sen informe técnico	30,00 €
D) DOCUMENTOS RELATIVOS A SERVIZOS DE URBANISMO	
Certificacións expedidas para testificar nas escrituras de declaración de obra nova rematada	60,00 €
Certificados sobre o estado de edificios	60,00 €
Certificacións de aliñacións ou de servizos urbanísticos existentes	12,00 €
Planos obrantes nas dependencias municipais, por cada copia	4,00 €

Proposicións presentadas a procedementos de licitación pública	30,00 €
Por cada expediente de declaración de ruína de edificios	90,00 €
Por cada certificación ou informe que se expida polos servizos urbanísticos a instancia de parte	
Con visita de comprobación	75,00 €
Sen visita de comprobación	30,00 €
Polas certificacións ou informes a incluír en expedientes de solicitude de subvencións de rehabilitación, acondicionamento ou reconstrucción de vivendas rurais	10,00 €
Por cada expediente de resolución sobre solicitude de recoñecemento de explotacións agrícolas e gandeiras	
Para as construcións ou instalacións nas que a suma de superficies sexa menor ou igual a 500m ²	50,00 €
Para as construcións ou instalacións nas que a suma de superficies estea comprendida entre 501m ² e os 1000m ²	60,00 €
Para as construcións ou instalacións nas que a suma de superficies sexa superior a 1.000m ²	90,00 €
Outras certificacións ou informes urbanísticos	75,00 €
Certificacións gráficas e descritivas catastrais emitidas a favor de persoas non empadroadas relativas tanto a bens situados dentro como fora do Concello	30,00 €
Copias dixitalizadas do Plan Xeral de Ordenación Municipal	100,00 €
Certificacións ou informes sobre edificios, solares, antigüidade ou propietarios e actuacións similares, por cada edificio, solar ou similar	30,00 €
Certificacións de autorizacións de segregación de parcelas, por cada parcela resultante	30,00 €
E) CONTRATACIÓN DE OBRAS E SERVIZOS	
Constitución, substitución e devolución de fianzas definitivas para licitacións e obras municipais, por cada acto	30,00 €
Constitución, substitución e devolución de garantías para reposición, por cada acto	30,00 €
F) SOLICITUDES PARA TOMAR PARTE NOS PROCEDEMENTOS DE SELECCIÓN E PROMOCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO OU LABORAL FIXO	
Dereitos de exame	
Grupo A1 ou asimilado	25,00 €
Grupo A2 ou asimilado	25,00 €
Grupo C1 ou asimilado	20,00 €
Grupo C1 ou asimilado	20,00 €
Outras agrupacións profesionais ou asimilados	15,00 €
G) OUTROS EXPEDIENTES E DOCUMENTOS	
Por cada expediente para a celebración dos actos de boda civil no Concello	90,00 €
Expedición e revisión de tarxetas de armas de aire comprimido ou análogas, sexan permanentes ou temporais, por cada unha	6,00 €
Expedición de carnés polo departamento de medio ambiente ou outros servizos municipais	30,00 €
Expedición do carné de vendedor ambulante	30,00 €
Expedición de tarxetas de taxi	30,00 €

Artigo 7.- Liquidación e recadación.

Esta taxa liquidarase en réxime de autoliquidación polo procedemento de selo municipal estampado no escrito da solicitude de tramitación do documento ou expediente, ingresando o importe correspondente nas dependencias municipais de recadación do Concello ou entidade bancaria colaboradora.

O xustificante de ingreso acompañarase á solicitude, sendo requisito imprescindible para dar trámite á mesma.

Os escritos recibidos polos conductos a que se fai referencia no artigo 66 da Lei de Procedemento Administrativo, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisionalmente, pero non poderá dárseles curso sen que se subsane a deficiencia, para o que se requirirá ó interesado para que no prazo de dez días abone as cotas correspondentes, con apercibimento de que, transcorrido dito prazo sen efectualo, teranse os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude sen máis trámites.

Artigo 8.- Infraccións e sanción.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas lles corresponda a cada caso, estarase ó disposto no artigo 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Disposición final.

A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día seguinte ó da súa publicación, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Negreira, 12 de marzo de 2012

José Blanco Pazos

Alcalde-Presidente

2012/3473